

Convocatoria da Comisión Informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural para o día 15 de xuño de 2022

De conformidade co acordado polo Pleno da Deputación Provincial na sesión extraordinaria de organización do 16 de xullo de 2019, durante o mandato 2019-2023 a Comisión Informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural, debe realizar sesión ordinaria os mércores da semana anterior á realización do Pleno ordinario de cada mes.

Polo exposto, DISPOÑO:

Convocar a Comisión informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural en sesión **ordinaria**, para o **día 15 de xuño de 2022**, ás 18:00 horas, no salón de sesións do Pazo Provincial, coa seguinte orde do día:

1. 2022/33V/CI NEGOCIADO DE SECRETARÍA XERAL

Aprobación da acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do día 18 de maio de 2022.

2. 2022/8046Y PRESIDENCIA

Modificación do programa de asistencia a municipios en materia de servizos do ciclo hidráulico do ano 2022

3. 2022/8543C PRESIDENCIA

Moción do BNG en apoio á iniciativa lexislativa popular de montes veciñais en man común.

4. MOCIÓN DE URXENCIA.

5. ROGOS E PREGUNTAS.

Así o dispón e o asina a Presidencia da Comisión, en Ourense, na data que consta na sinatura electrónica deste documento. Dou fe.

